



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

O PINO

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

EXTRACTO DE LAS BASES DE LA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA ASOCIACIONES CULTURALES Y DEPORTIVAS DEL AYUNTAMIENTO DE O PINO (EJERCICIO 2025)

BDNS (Identif.): 815925

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/815925>)

Primero.- Beneficiarios

Podrán ser beneficiarias las asociaciones culturales y deportivas legalmente constituidas, sin ánimo de lucro, y que presenten un proyecto, programa o actividad que se ajuste al objeto de la subvención debidamente detallado.

Podrán ser beneficiarios de las subvenciones previstas en estas bases todas las asociaciones legalmente constituidas y con personalidad jurídica así como las agrupaciones de personas físicas y jurídicas sin personalidad jurídica constituidas para la consecución de los fines señalados cómo subvencionables. Ambas deben cumplir los siguientes requisitos:

Que tengan sede social en el término municipal de O Pino.

Carecer de fines de lucro.

Que, de acuerdo con sus estatutos, tengan objetivos y finalidades que sean de interés vecinal y coincidentes con el objeto de la subvención.

Desarrollar sus actividades en el término municipal.

Que justificasen las subvenciones anteriormente otorgadas por el Ayuntamiento de O Pino, excepto aquellas para las que aún no transcurriera el correspondiente plazo de justificación.

Que estén al corriente del pago de deberes por reintegro de subvenciones. Que se encuentren al corriente en el cumplimiento de las obligaciones tributarias con la Agencia Estatal de Administración Tributaria y de la CC.AA., y frente a la Seguridad Social y con el Ayuntamiento de O Pino, sus Organismos Autónomos y Entidades de Derecho Público dependientes del mismo.

Los demás contemplados en la Ley general de subvenciones.

Sí la actividad o proyecto para la que se solicita la subvención tiene como sujetos a menores de edad, deberá presentarse una declaración responsable de que todo el personal (incluido el voluntario) encargado de realizarla y que tenga contacto habitual con los menores, cumple con el requisito previsto en el artículo 13.5 de la Ley Orgánica 1/1996, del 15 de enero, de Protección Jurídica del Menor, y en el artículo 8.4 de la Ley 45/2015, del 14 de octubre, de Voluntariado.

La declaración responsable requerida estará incluida en el propio formulario de solicitud, que será firmado por el presidente o la representación de la entidad.

Segundo.- Finalidad.

De conformidad con las competencias atribuidas a este Ayuntamiento por el art. 25 de la Ley 7/1985, del 2 de abril Reguladora de las Bases del Régimen Local y en aplicación del art. 23 de la Ley 38/2003, del 17 de noviembre, General de Subvenciones, y las normas de carácter reglamentario que la desarrollan (R.D. 887/2006), así como con la legislación de la Comunidad Autónoma de Galicia (Ley 9/2007), y al Plan Estratégico de Subvenciones 2025-27 de este Ayuntamiento aprobado en sesión plenaria de fecha 30 de diciembre de 2024 (BOP número 8 de 14 de enero de 2025), se convocan subvenciones para la dinamización de las asociaciones culturales y deportivas con sede en el término municipal de O Pino, para el año 2025.

La convocatoria se dirige a las entidades vecinales, culturales, deportivas y de patrimonio histórico, con el objeto de promover y apoyar estas entidades como herramientas activadoras y catalizadoras de la participación ciudadana.

Es objeto de esta convocatoria otorgar subvenciones, en régimen de concurrencia competitiva, para la financiación de programas, proyectos o actividades de interés cultural y educativo que realicen las entidades culturales y deportivas del ayuntamiento de O Pino durante el ejercicio económico 2025 (entre el 1 de enero y el 1 de diciembre), que favorezcan la participación ciudadana y que tengan un carácter complementario respecto de los programas municipales.

Los proyectos presentados deberán tener relación con:

Programas y metodologías de participación ciudadana que faciliten la apertura de procesos participativos en los que puedan tomar parte vecinos y vecinas de un barrio concreto, o bien de todo el municipio. Abrir espacios de debate, de intercambio de ideas o elaboración de propuestas, incorporando mecanismos de participación ciudadana.

Proyectos, programas y/o actividades culturales, deportivas, de patrimonio histórico, valiosas para toda la ciudadanía de O Pino, sin ser necesario tener la condición de socio/la para participar en ellas (información y formación en conductas cívicas o mejora de hábitos en relación con el contorno, talleres, cursos, conferencias, o cualquier otro formato que se considere oportuno) y que favorezcan la participación activa de la ciudadanía en la vida del municipio.

Pequeñas celebraciones populares que contribuyan a mantener tradiciones culturales o costumbres propias de arraigo en los barrios (recuperación de celebraciones tradicionales, fiestas patronales, magosto, navidad, carnaval y eventos de similar naturaleza).

Tercero.- Bases reguladoras.

Las bases reguladoras de la convocatoria se encuentran publicadas en el BOP de A Coruña número 33, de 18 de febrero de 2025.

Cuarto.-Importe.

La cuantía de las subvenciones no podrá superar las siguientes cantidades en funciones de las correspondientes asociaciones:

Culturales: HASTA 2.500,00 €.

Deportivas: HASTA 3.000,00 €.

Quinto.-Plazo y lugar de presentación de solicitudes.

La solicitud de subvención se presentará en la sede electrónica del Ayuntamiento de O Pino <https://opino.sedelectronica.gal> en el plazo de 1 mes contado a partir del día siguiente al de la publicación del extracto de esta convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña.

Teniendo en cuenta lo establecido en el Real Decreto 11/2018 del 4 de septiembre de 2018, en su Título V, también podrá presentarse de manera presencial en el Registro General de Entrada del Ayuntamiento de O Pino o por cualquiera de los medios regulados en el art. 16 de la Ley 39/2015, del 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

O Pino

20/2/2025

Manuel Taboada Vigo,

El Alcalde

**EXTRACTO DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ASOCIACIÓNS CULTURAIS E DEPORTIVAS DO CONCE-
LLO DO PINO (EXERCICIO 2025)****BDNS (Identif.): 815925**

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/815925>)

Primeiro.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias as asociacións veciñais, culturais, deportivas e de patrimonio histórico legalmente constituídas, sen ánimo de lucro, e que presenten un proxecto, programa ou actividade que se axuste ao obxecto da subvención debidamente detallado.

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nestas bases todas as asociacións legalmente constituídas e con personalidade xurídica así como as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados como subvencionables.

Ambas deben cumprir os seguintes requisitos:

Que teñan sede social no termo municipal do Pino.

Carecer de fins de lucro.

Que, de acordo cos seus estatutos, teñan obxectivos e finalidades que sexan de interese veciñal e coincidentes co obxecto da subvención.

Desenvolver as súas actividades no termo municipal. Que teñan xustificadas as subvencións anteriormente outorgadas polo Concello do Pino, excepto aquelas para as que aínda non transcorre o correspondente prazo de xustificación.

Que estean ao corrente do pago de deber por reintegro de subvencións.

Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e da CC.AA., e fronte á Seguridade Social e co Concello do Pino, os seus Organismos Autónomos e Entidades de Dereito Público dependentes do mesmo.

Os demais contemplados na Lei xeral de subvencións.

Se a actividade ou proxecto para a que solicita a subvención ten como suxeitos a menores de idade, deberá presentarse unha declaración responsable de que todo o persoal (incluído o voluntario) encargado de realizala e que teña contacto habitual cos menores, cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado.

A declaración responsable requirida estará incluída no propio formulario de solicitude, que será asinado polo presidente ou a representación da entidade.

Segundo.-Finalidade.

De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo art. 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e en aplicación do art. 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e as normas de carácter regulamentario que a desenvolven (R.D. 887/2006), así como coa lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia (Lei 9/2007), e ao Plan Estratéxico de Subvencións 2025-27 deste Concello aprobado en sesión plenaria con data do 30 de decembro de 2024 (BOP número 8 de 14 de xaneiro de 2025), convócanse subvencións para a dinamización das asociacións culturais e deportivas con sede no termo municipal do Pino, para o ano 2025.

A convocatoria diríxese ás entidades culturais y deportivas, co obxecto de promover e apoiar estas entidades como ferramentas activadoras e catalizadoras da participación cidadá.

E obxecto desta convocatoria outorgar subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o financiamento de programas, proxectos ou actividades de interese cultural y deportivo que realicen as entidades culturais e deportivas do concello de O Pino durante o exercicio económico 2025 (entre o 1 de xaneiro e o 1 de decembro), que favorezan a participación cidadá e que teñan un carácter complementario respecto dos programas municipais.

Os proxectos presentados deberán ter relación con:

Programas e metodoloxías de participación cidadá que faciliten a apertura de procesos participativos nos que poidan tomar parte veciños e veciñas dun barrio concreto, ou ben de todo o municipio. Abrir espazos de debate, de intercambio de ideas ou elaboración de propostas, incorporando mecanismos de participación cidadá.

Proxectos, programas e/ou actividades culturais, deportivas, de patrimonio histórico, valiosas para toda a cidadanía de O Pino, sen ser necesario ter a condición de socio/a para participar nelas (información e formación en condutas cívicas ou mellora de hábitos en relación co contorno, talleres, cursos, conferencias, ou calquera outro formato que se considere oportuno) e que favorezan a participación activa da cidadanía na vida do municipio.

Pequenas celebracións populares que contribúan a manter tradicións culturais ou costumes propios de arraigamento nos barrios (recuperación de celebracións tradicionais, festas patronais, magosto, nadal, entroido e eventos de similar natureza).

Terceiro.-Bases reguladoras.

As bases reguladoras da convocatoria atópanse publicadas no BOP de A Coruña número 33, de 18 de febreiro de 2025.

Cuarto.-Importe.

A contía das subvencións non poderá superar as seguintes cantidades en función das correspondentes asociacións:

Culturais: ATA 2.500,00 €.

Deportivas: ATA 3.000,00 €.

Quinto.-Prazo e lugar de presentación de solicitudes.

A solicitude de subvención presentarse na sede electrónica do Concello do Pino <https://opino.sedelectronica.gal> no prazo de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín oficial da provincia da Coruña.

Tendo en conta o establecido no Real Decreto 11/2018 do 4 de setembro de 2018, no seu Título V, tamén poderá presentarse de maneira presencial no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de O Pino ou por calquera dos medios regulados no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Pino

20/2/2025

Manuel Taboada Vigo

O Alcalde

2025/1214